

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1311IJ	<i>Expediente</i> CON/24/2019	<i>Fecha</i> 02-09-19 13:20

Número 3 .- Proposta da concellería delegada de Urbanismo relativa á incoación do expediente de contratatación das "Obras de rehabilitación da Finca do Espiño para equipamento municipal, cultural e administrativo".

Destinatario

15078DCMG1311IJX



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 02 de setembro de 2019 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 3 .- PROPOSTA DA CONCELLERÍA DELEGADA DE URBANISMO RELATIVA Á INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATATAÇÃO DAS "OBRAS DE REHABILITACIÓN DA FINCA DO ESPIÑO PARA EQUIPAMENTO MUNICIPAL, CULTURAL E ADMINISTRATIVO".

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta da concelleira delegada de Urbanismo, de data 6 de agosto de 2019. Así mesmo, do informe con observacións da Viceinterventora, número 745/2019 de data 29.8.19.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Marta Abal Rodríguez**, concelleira delegada de urbanismo en funcións (decreto 31/7/2019), consonte aos termos establecidos no artigo 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 17/06/2019,

EXPÓN:

1. Con data 15 de marzo de 2019, a Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobou o proxecto das obras de rehabilitación da Finca do Espiño para equipamento municipal cultural e administrativo.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG1311IJ	CON/24/2019	02-09-19 13:20

2. Con data 27 de marzo seguinte, o xefe de servizo de Obras e Proxectos emitiu o preceptivo informe xustificativo da concorrencia da necesidade e idoneidade da súa contratación.

3. Con data 9 de maio, esta concellería delegada formulou proposta de inicio do expediente de contratación por procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria.

4. Coa mesma data, a o concelleiro delegado de economía, facenda e administración en funcións resolveu iniciar o expediente proposto, ó que se deberían incorporar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deban rexer o contrato, así como o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, sinalando así mesmo que, unha vez completado o expediente, remitirase este ao órgano de contratación para a súa aprobación e a apertura do procedemento de adxudicación.

5. Finalmente, xa o día 5 de agosto, incorpórase ao expediente o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, que acompaña un informe do departamento de contratación, da mesma data, que conta coa conformidade da asesoría xurídica municipal, que conclúe que *"o expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 116 da LCSP polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dítarase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación"*.

Polo tanto, e considerando a regulación que para o procedemento administrativo se recolle con carácter xeral nos artigos 163 a 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e as argumentacións recollidas no anteriormente mencionado informe do departamento de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Que, unha vez completado co certificado de existencia de crédito, acorde a aprobación do expediente denominado **Obras de rehabilitación da Finca do Espiño para equipamento municipal cultural e administrativo**, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1311J	<i>Expediente</i> CON/24/2019	<i>Fecha</i> 02-09-19 13:20

aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de **1.060.991,73 euros IVE** aparte.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 222.808,26 euros.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigacións económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria 050 15100 62200/ proxecto GFA 2011 2 **ESPIÑ 1.**"

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Aprobar o expediente denominado **Obras de rehabilitación da Finca do Espiño para equipamento municipal cultural e administrativo**, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento **aberto simplificado**, establecéndose un tipo de licitación de **1.060.991,73 euros**, IVE aparte.

O IVE correspondente, (21% da cantidade anterior), ascende a 222.808,26 euros.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigacións económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria 050 15100 62200/ proxecto GFA 2011 2 **ESPIÑ 1.**

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO



Asdo: **Gumerindo Guinarte Cabada**



